

# Unha afortunada novela sobre o Couto Mixto

NOVELA

## A QUINTA DE SALER

Antón Riveiro Coello


Galaxia

RAMÓN NICOLÁS RODRÍGUEZ

O universo do Couto Mixto suscitou, ata o de agora, páxinas ensaísticas e de creación literaria de diferente fortuna e interese como poden ser as de Méndez Ferrín ou García Mañá entre outros. Arestora, esta novela de Riveiro Coello, finalista da décima edición do Premio Torrente Ballester de narrativa, sucumbe tamén ao engaiolamento que estas terras arraianas presentan como materia narrativa.

*A quinta de Saler* artículase a través dun argumento inicial no que dous escritores reciben unha proposta de escribir capítulos alternos sobre unha novela centrada no Couto Mixto, ignorándose un ao outro e concibindo este labor como unha auténtica partida de xadrez na que sempre se procura unha xogada gañadora. Este ocultamento da identidade do outro provocará sospeitas sobre a autoría das páxinas que o contrario vai elaborando, pasaxes que se cadra son o menos afortunado da novela, a carón dunha deficiente reprodución dos retallos e planas do xornal que reproduciu a novela, ben pouco verosímiles e confusos — éo galardón conséguese en 1996 ou 1995?

Con todo, Riveiro Coello sabe ofrecer recursos para captar a atención do lector, ampliando aquel argumento inicial a un esquema tripartito que vai terminando do interese do lector ata o final



CÉSAR QUIJAN

Riveiro Coello sabe ofrecer recursos para captar a atención do lector

e que se encaixa moi naturalmente. Temos así o coñecido proceso de xestación da novela sobre o Couto Mixto a través da experiencia persoal e íntima de cada escritor e o universo vivencial destes, marcado quer pola traxedia quer por unha etapa crítica na súa vida, no que a escrita xorde como modo de liberación, sen esquecer tampouco as relacións que establecen entre si e entre o editor que solicita o seu traballo. Ademais

cómpre consignarmos as páxinas que os autores debullan sobre o personaxe do liberal da quinta do Saler, que nos parece do máis acertado da proposta como logo veremos; fóra, por último, duns breves extractos que son declaracións dun proceso xudicial que sofre a novela que se xesta aos poucos, usurpada con posterioridade e presentada a un premio, e que cobra cabal sentido cando a mesma conclúe.

No eixo novelesco, marcado na realidade polo dialoxismo, salienta, sen dúbida, o que é froito ficcional dos escritores aos que se lles formula aquel reto, pois é aí onde Riveiro Coello demostra o mellor de si na construción dun impecable rexistro literario, extremadamente coitado en todos os detalles, desafiando con acerto e verosimilitude tanto os diversos personaxes como a historia familiar de Toribio Moureira, ascendente directo do editor por outra parte, responsable de botar a andar esa proposta arriscada e contagiada do espírito revolucionario francés consistente en establecer un réxime comunal de traballo nun lugar no que os seus veciños están exentos de pagar tributos de sangue ou diñeiro e de se incorporaren a filas, comerciando nas feiras e frecuentando o contrabando.

Unha novela afortunada, ao noso xuízo, onde a ficción novelesca global que se formula ten un punto de encontro conclusivo cando todo se dá a man nunha circularidade inexorable. Unhas páxinas, en fin, nas que alén de amosar os innegables dotes dun autor que sabe construír mundos literarios accesibles e atractivos, confirman a necesaria literaturización dun engaiolante e atraente motivo como é o do Couto Mixto.